



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de data 16 de xullo de 2021 aprobou a proposta relativa o PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO mediante a celebración dunha poxa , do seguinte teor literal:

De conformidade ás previsións contidas na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento de aplicación, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto e do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Administracións Locais, procedese a establecer as bases que rexerán o alleamento de 28 semoventes bovinos de raza cachena e 27 bovinos de raza frisoa de titularidade provincial mediante a celebración de poxa pública.

Cláusula 1. Obxecto do procedemento.

É obxecto do presente procedemento o alleamento, por medio de poxa pública á alza e de xeito individualizado, de 28 bovinos de raza cachena e de 27 bovinos de raza frisoa que forman parte do fato de gando vacún existente na Granxa Provincial Gayoso Castro que se declaran excedentes no censo de animais segundo relación de semoventes bovinos que se xunta.

Cláusula 2. Réxime xurídico.

A lexislación aplicable ao presente procedemento será a seguinte: Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986 do Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, a lexislación básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas o Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a lexislación non básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, e o seu desenvolvemento regulamentario polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto.

Ademais, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de condicións e a presentación de ofertas implica a aceptación de todos os seus extremos.

En defecto das citadas normas, serán de aplicación a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento e as restantes normas do ordenamento xurídico, administrativo e civil.

Cláusula 3. Capacidade para contratar.

Poderán concorrer á presente licitación por sí o mediante representación, as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que contén coa plena posesión da súa capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cláusula 4. Procedemento de alleamento.

O presente procedemento de alleamento efectuarase en réxime de concorrencia, mediante poxa pública á alza ou ascendente de xeito que comenza por un prezo de saída que se irá incrementando a través de sucesivas poxas ata que quede un único participante ao que se adxudicará o exemplar bovino interesado ao prezo de remate ou prezo da última poxa realizada polo mellor ofertante e por tanto este será o prezo que terá que pagar o comprador, excluído os impostos pertinentes e os gastos de transporte ou doutra índole.

A poxa será en vivo e a maoalzada na que se poxará en cada momento e de xeito individualizado polo exemplar que se está licitando.

Cláusula 5. Convocatoria da poxa.

A referida poxa celebrarase nas instalacións da Granxa Provincial Gayoso Castro situada no Concello de Castro de Rei en Lugo, a cuxos efectos a coordinación e asistencia será realizada por persoal adscrito á Granxa Provincial.

A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia e a poxa se celebrará as 10:00 horas do décimo día natural a contar dende o seguinte á dita publicación.

Cláusula 6. Tipo mínimo de adxudicación.

Cada cabeza de gando adxudicarase a favor de quen presente a oferta mais vantaxosa sobre o prezo que para cada exemplar se sinala a continuación:

LOTES	PREZOS
Vacún maior de raza frisoa	705.00 €/animal
Xatos carniceiros de raza frisoa	480.00 €/animal
Xatos de raza frisoa de mais de 50 días	95.00€/ animal
Xatos de raza frisoa de menos de 50 días	65.00€/ animal
Vacún maior de raza frisoa (machos)	1.350.00€/ animal
Vacas de raza cachena con cría ao pé	600.00€/ animal coa cría
Vacas de raza cachena	380.00€/ animal
Xovenças de raza cachena de ata 2 anos de idade	360.00€/animal
Animais machos de raza cachena entre 1 e 2 anos	396.00€/animal

* O animal con identificación ES011110473580 é unha vaca de desvelle polo que se propón que o prezo de saída sexa de 150,00€.

** O animal con identificación ES011112905905 é unha xovença de raza frisoa que presenta un defecto nas patas dianteiras polo que se propón que o prezo de saída sexa de 105,00€.

Por debaixo do prezo mínimo establecido para cada exemplar non se efectuará ningunha adxudicación.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico e non se admitirá aprazamento no pagamento.

Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario.

Para tomar parte na poxa non se esixirá aos licitadores a constitución de garantía.

Serán por conta do adxudicatario os impostos pertinentes e os gastos derivados de transporte ou doutra índole.

Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.

Os licitadores que concorran á poxa a mao alzada aportará ante a Mesa de poxa a documentación de carácter xeral esixida en sobre pechado que debe indicar na parte exterior: "PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA POXA DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO" (Anexo I).

O sobre deberá ir asinado polo licitador ou persoa que o represente; e inserirse o seguinte contido:

DOCUMENTACIÓN XERAL: Documentación referente ás condicións para ser admitido ao procedemento:

- Solicitud, de acordo co Anexo I.
- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro deberán acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura de apoderamento do representado e debidamente inscrita no rexistro mercantil, se este requisito fose esixible. Así mesmo, en calquera caso, deberá achegar copia do DNI da persoa que asine a proposición económica.
- Declaración responsable de non se atopar en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración Anexo II.
- Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. Os licitadores deberán achegar dita declaración responsable de acordo ao Anexo II.

Cláusula 9. Mesa de poxa.

O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de poxa que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación e estará composta polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Un funcionario/a adscrito á Granxa Provincial Gayoso Castro, Sonia Verdes Gil.

Suplente: Funcionario adscrito á Granxa Provincial Gayoso Castro.

VOGAL:

Funcionaria da Sección de Patrimonio, Ana María Vila Vázquez

Suplente: Funcionario adscrito á Sección de Patrimonio.

SECRETARIO:

A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez

Suplente: Funcionario adscrito á Sección de Patrimonio.

Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.

Previa á celebración da poxa a mao alzada a Mesa realizará o exame da documentación de carácter xeral.

Examinada esta documentación, determinarase se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos no presente prego de condicións. De existir, a Mesa excluírá do procedemento ao ofertante, salvo que o defecto, omisión ou erro material fora emendable no mesmo día da celebración da poxa, baixo apercibimento de exclusión

definitiva da poxa. Non se admitirá ningunha emenda fóra do indicado prazo, declarándose a non admisión á poxa das mesmas mediante resolución motivada.

As proposicións non admitidas quedarán excluídas do procedemento de selección e adxudicación.

Cláusula 11. Desenvolvemento da poxa.

No día e hora sinalados o Presidente da Mesa declara aberta a poxa comunicándoo así ao público e recibirá as identificacións dos participante e a documentación de carácter xeral.

Comezada a licitación non se recibirá e non se admitirá ningunha solicitude de participación.

Durante a licitación, admitiranse as posturas que gradualmente melloren o tipo, ata que deixen de facerse proposicións, declarando como mellor rematante ao licitador que fixera a postura máis elevada.

Os tramos de poxa serán de 10 euros.

Cláusula 12. Pagamento.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico, e non se admitirá aprazamento no pagamento, que se fará efectivo mediante ingreso do prezo na Tesourería Provincial da Deputación Provincial de Lugo no número de conta sinalado ao efecto ao remate da poxa, no prazo dos dez días seguintes á notificación da adxudicación.

Coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial o adxudicatario procederá a retirar o exemplar adxudicado.

No suposto de que non se efectúe o pagamento no dito prazo entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento. Procedéndose nese caso á tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 13. Proposta de adxudicación.

Rematada a poxa, si o licitador que presentou a oferta mas vantaxosa non autorizou a esta Deputación Provincial para solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, a Mesa requirirao para que presente a seguinte documentación, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) Obrigas Tributarias.

- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

- Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autónoma de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Admón. de esta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta.

b) Obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

c) Outra documentación.

Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Comprobada a dita documentación e individualmente por cada exemplar licitado, a Mesa fará unha proposta de adjudicación ao Órgano Competente a favor das poxas que, axustándose ao presente prego de condicións, se formularon no seu día conforme aos requisitos esixidos e resultaran máis favorables. Dita proposta de adjudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á adjudicación, renunciar a/s adjudicación/s por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adjudicación.

Cando o órgano competente non adjudique o referido ben de acordo coa proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión. O órgano competente deberá proceder á adjudicación dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adjudicación deberá ser motivada, notificarse aos candidatos ou licitadores e procederase a asinar o documento administrativo de venda.

Cláusula 14. Falta de poxa.

Despois da celebración da licitación, cando non fosen adjudicados todos os bens, a Mesa de poxa poderá acordar o seu alleamento mediante adjudicación directa e polo prezo de saída.

Cláusula 15. Formalización da transmisión.

A transmisión de titularidade sobre a cabeza de gando adjudicado entenderase perfeccionada pola firma da acta de entrega do mesmo entre o adjudicatario e esta Entidade Provincial e coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial no prazo establecido.

Se o solicitante non se presenta á firma da acta de recepción ou non efectúe o pagamento no prazo sinalado entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Neste caso continuarase a tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 16. Xurisdición Competente.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste prego de condicións da presente transmisión serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

DISPOSICIÓN FINAL.

As crías nadas durante a tramitación do presente procedemento de nais cuxo alleamento estivese incluído na relación de semoventes bovinos obxecto de poxa serán incluídas na dita relación xunto coa súa nai no lote e ao tipo de licitación asignado para as vacas con cria ao pé e excluíranse dos grupo ou lote no que inicialmente a nai estivera incluída.

Todo elo sen prexuízo da inscrición no Libro Inventario de bens e dereitos provinciais antes da celebración da poxa.

Lugo, 16 de xullo de 2021.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA**LOTES FRISOA:****Lote 1. Femias de vacún maior de raza frisona (Vacas)**

ES081110833183
ES011110473626
ES091110473624
ES061110473596
ES091109775508
ES011109353755
ES011110473580

Lote 2. Xatos frisóns carniceiros

ES001112748125
ES011112748137
ES011112905892
ES021112748138
ES031112905907
ES041112748129
ES061112905897
ES061112905900
ES071112905898
ES081112905899
ES091112905890
ES011112905905 (Femia)

Lote 3. Xatos frisóns de mais de 50 días

ES001112905915
ES011112905916
ES071112905912
ES091112905914
ES081112748123
ES021113398747

Lote 4. Xatos frisóns de menos de 50 días

ES021113398758

Lote 5. Machos de vacún maior de raza frisoa (Machos)

ES011111210403

LOTE CACHENAS**Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé**

N.º Identificación da nai N.º Identificación da cría Sexo da cría

ES001112366616 ES071113398753 macho
ES031110833166 ES031113398748 macho
ES031110833177 ES041113398749 macho
ES071110473586 ES071113398742 macho
ES031111058994 ES081113398743 macho
ES041111004722 ES021112905928 macho

ES041111946854 ES061112905924 macho
ES011112099180 ES061113398741 macho
ES041112099183 ES001112905926 macho
ES091112099202 ES011112905927 femia
ES071111210385 ES091113398744 macho
ES041111058984 ES051113398740 macho
ES081112366589 ES031113398759 femia
ES061109353738 ES011113398780 femia
ES071106506809 ES021113398781 femia
ES041111004700 ES041113398783 femia
ES051111946855 ES051113398784 macho

Lote 2. Vacas de raza cachena

ES011111058992
ES031111058983
ES021110833176
ES091108134296
ES091111210398

Lote 3. Xovencas de raza cachena ata 2 anos de idade

ES051111236611
ES061112748121

Lote 4. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos.

ES001112366592
ES011112366617
ES071112366588
ES091112366637

ANEXO I. SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN AO PROCEDEMENTO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO

D/Dª

DNI

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza

Nº

Poboación

CP

Teléfono

Presenta o amentado procedemento, acompañando o presente escrito, un sobre que contén a documentación esixida no prego da convocatoria.

Acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación Provincial de Lugo se realicen mediante o seu envío á dirección de correo electrónico seguinte:

En a de de 2021

Asdo.

ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE EN CAUSA DE PROHIBICIÓN OU INCOMPATIBILIDADE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN.

D/D^a

DNI

En nome propio

Con domicilio a efectos de notificación en:

Rúa/Praza

Nº

Poboación

CP

Teléfono

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración e que os administradores da persoa xurídica que represento non están incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro.

2.- Que estou o corrente no pago das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do RXLC. Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas

3.- Que non teño pendente de pago ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4.- Que autorizo a esta Deputación Provincial a solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación do procedemento convocado pola Deputación Provincial de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro.

En a de de 2021

Asdo.

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO-

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
POL	2º-trimestre-2021	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
NAVIA DE SUARNA	1º-semester-2021	Taxa subministro de auga, e canon da auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	2º-trimestre-2021	Taxa de recollido de lixo
O INCIO	2º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo, e canon da auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	2º-trimestre-2021	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O PÁRAMO	2º-trimestre-2021	Taxa polo subministro de auga e Canon Auga Xunta de Galicia
TRABADA	1º-semester-2021	Taxa de recollida de lixo
BARALLA	2º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo e sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 20/07/2021 e finalizará o día 20/09/2021, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
POL	2º-trimestre-2021	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
NAVIA DE SUARNA	1º-semester-2021	Taxa subministro de auga, e canon da auga Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	2º-trimestre-2021	Taxa de recollido de lixo
O INCIO	2º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo, e canon da auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	2º-trimestre-2021	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
O PÁRAMO	2º-trimestre-2021	Taxa polo subministro de auga e Canon Auga Xunta de Galicia
TRABADA	1º-semester-2021	Taxa de recollida de lixo
BARALLA	2º-trimestre-2021	Taxa auga, lixo e sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuíente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 5 de xullo de 2021.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019 A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez

R. 2050

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

Polo órgano competente desta Deputación foron aprobadas modificacións do Plan Único 2020 do concello de:

MONDOÑEDO.- Acondicionamento de camiños nas parroquias de Couboeira, Masma e Argomoso, incluído honorarios.

EXPTE GTM: 2020/PES_03/012922

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2141

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Pleno do Concello de Baleira, na sesión extraordinaria do 07 de xullo do 2021, aprobou inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios forestais do Concello de Baleira.

O citado plan expónse ao público durante o prazo de 20 días hábiles mediante anuncios que se publicarán no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica <https://concellobaleira.sedelectronica.gal>, computándose o prazo a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o mencionado prazo poderá examinarse e formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes.

Se non se presentaran alegacións e/ou reclamacións durante o mencionado prazo o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra incendios Forestais de Baleira consideraráse definitivamente aprobado.

O plan estará exposto fisicamente, durante o mencionado prazo, nas oficinas da casa do concello, en horario de 9:00 a 14:30 horas de luns a venres e na sede electrónica do concello <https://concellobaleira.sedelectronica.gal> Baleira, 12 de xullo do 2021.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2142

A FONAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A APERTURA DUN NOVO PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA A SELECCIÓN DUN XEFE DE BRIGADA E UN CONDUTOR DE MOTOBOMBA

Visto os Decretos de Alcaldía de data 16 de xullo de 2021 polos que se resolve procedemento de selección para a contratación de xefes de brigada e condutores de motobomba quedando vacantes os seguintes postos: un xefe de brigada e un condutor de motobomba, procédese á apertura dun novo prazo para a presentación de novas solicitudes.

Postos ofertados: Un xefe de brigada e un condutor de motobomba

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal

Duración: 3 meses

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 16 de xullo de 2021.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2179

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 7 de xullo de 2021, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 3º bimestre de 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de xullo e o 15 de setembro de 2021.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 7 de xullo de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 2143

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XUÑO 2021

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 06 de xullo de 2021, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xuño de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil cinco centos cincuenta euros con sesenta e seis céntimos de

euro(3.550,66€) , dos que tres mil setecentos setenta e cinco euros con sesenta e seis céntimos de euro (3.075,66€) correspondente a dependencia , e catro centos setenta e cinco euros (475,00€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 6 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2144

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria celebrada o día 5 de xullo do 2021, prestou aprobación a modificación das bases e convocatoria para a CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO MARCO DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 29 DE OUTUBRO DE 2020, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) 12ª FASE, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018 - 2021", modificación entre os puntos do artigo 6 os seguintes:

- Vivenda con compromiso de aluguer por un mínimo de 5 anos (15 puntos)
- Residencia habitual ou permanente do promotor por un mínimo de 5 anos (20 puntos)

Pasando a substituílos por:

- Residencia habitual dun determinado inquilino por un mínimo de 5 anos (ata 15 puntos)
- Residencia habitual ou permanente do promotor por un mínimo de 5 anos (ata 20 puntos)

Monforte de Lemos, 13 de xullo de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2145

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de Alcaldía de data 13 de xullo de 2021 aprobáronse as bases para a contratación con carácter laboral temporal de dous postos de peóns de limpeza (75% xornada) con cargo o programa de fomento do emprego 2021 da Excma. Deputación de Lugo e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

- Dous peóns de limpeza (75% xornada).

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es

Monterroso, 13 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 2146

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 8 de julio de 2021, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº4/CE/2021, Modificación orzamentaria nº13/2021, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expone ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 9 de xullo de 2021.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2147

Anuncio

O pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria celebrada en data 8 de julio de 2021, aprobou inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº5/CE/2021, Modificación orzamentaria nº15/2021, o que de conformidade co establecido no artigo 177, en relación do 169 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expone ó público por prazo de quince días, durante os cales, os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o pleno.

Pedrafita do Cebreiro, 9 de xullo de 2021.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2148

O SAVIÑAO

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA O CONCELLO DE O SAVIÑAO.

PRIMEIRA. - OBXECTO, MODALIDADE DE COBERTURA, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é a selección, con carácter urxente debido a renuncia da traballadora que ocupaba a dita praza e non haber persoal dispoñible en lista de agarda, dunha praza de traballador/a social GRUPO A SUBGRUPO A2, COMPLEMENTO DE DESTINO NIVEL 16 ao 50% da xornada (cun salario bruto anual de 9.678,60 euros pagas extras excluídas)

A modalidade de cobertura será a de funcionario/a interino/a acollido a un programa de carácter temporal (cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento) modalidade prevista no artigo 23.c da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

O procedemento selectivo de acordo co establecido no artigo 10.2 do TREBEP e 24 da Lei 2/2015 realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència.

A duración do nomeamento estenderase, como máximo, ata o 15 de xullo de 2022, a contar dende a data da toma de posesión (inicialmente esta praza era por tres anos, como máximo, contados desde o 15 de xullo de 2019), sen prexuízo da súa terminación anticipada por calquera das circunstancias previstas na normativa de aplicación e en particular pola concorrència de calquera das previstas no artigo 24 da Lei 2/2015.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase unha LISTA DE AGARDA para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que resultase seleccionado, procedendo ao chamamento e ao nomeamento do seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de oposición libre.

SEGUNDO .- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ás bases, ademais de publicarse un anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

De presentarse reclamacións ás bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios e a sede electrónica do Concello serán igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para seren admitidos/as os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
 - b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
 - c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
 - d) Estar en posesión do Título de Diplomatura universitaria en Traballo Social, Grao en Traballo Social ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que o acredite, no seu caso, a homologación.
 - e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.
- No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- f) En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.
 - g) Posuír carné de conducir B.

CUARTA.-SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de O Saviñao, que deberá ser entregada no Rexistro de Xeral de Entrada do Concello de O Saviñao no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no boletín oficial da provincia e en horario de atención ao público de 9 a 14 horas.

No caso de non presentarse a instancia no rexistro xeral deberá anticiparse a solicitude de participación a través de calquera medio que permita deixar constancia (por correo electrónico ao enderezo e savinao@telefonica.net, ou outro..) unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial que acompaña ás presentes bases como anexo e na que se inclúe a declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base terceira subscribindo o compromiso de achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/a.

Dita solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopiado DNI ou NIE
- Fotocopia da titulación esixida(base terceira, letra d).

A non presentación da instancia asinada ou dos documentos anteriores será motivo de exclusión.

Por outra banda a efectos de quedar exento da realización do segundo exercicio da fase de oposición obtendo a cualificación de apto os aspirantes deberán presentar, dentro do período de presentación de instancias, o título acreditativo de estar en posesión do Certificado de Lingua Galega-nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento.

Toda a documentación aportada deberá presentarse cotexada co orixinal.

Os/as aspirantes quedan vinculados/as ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Ao final do proceso selectivo o/a aspirantes seleccionado/a deberá acreditar documentalmente o cumprimento dos requisitos da convocatoria sen prexuízo da posibilidade de requirir a calquera aspirante presentado durante o proceso para que acredite o cumprimento deses requisitos.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comproba que o/a aspirante carece deses requisitos malia figurar incluído na lista de admitidos será excluído inmediatamente.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal, así como a data das probas farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO, CONTIDO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

A oposición consistirá na realización dos dous exercicios que a seguir se relacionan aos que se accederá previo chamamento único para a realización de cada proba:

PRIMEIRO EXERCICIO. PROBA DE COÑECEMENTOS

Exercicio obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario de 30 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas por pregunta, nun tempo de sesenta minutos, en relación co temario xeral e específico reproducido a continuación. Neste exercicio non penalizan as respostas incorrectas. O dito cuestionario incluírá 2 preguntas de reserva para os casos de anulación dalgunha das preguntas tipo de test.

Puntuación máxima por este exercicio 30 puntos sendo preciso obter un mínimo de 15 puntos para superalo .

A dita proba, incluírá un cuestionario adicional de 5 preguntas tipo test para o suposto de empate, con catro respostas alternativas por pregunta, nun tempo de 10 minutos, en relación co temario xeral e específico citado. Será criterio para dirimir o desempate a puntuación obtida nesta proba adicional.

SEGUNDO EXERCICIO. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de 30 minutos. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. (puntuarase de 0 a 10 puntos, precisándose acadar 5 puntos para obter a calificación de apto). Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento. (Achegarase copia compulsada)

TEMARIO CONVOCATORIA DE PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINA

- 1.- A Constitución española de 1978, dereitos e deberes dos españois.
- 2.- O Municipio, organización e competencias.
- 3.- O procedemento administrativo: Prazos, fases, revisións, reclamacións, recursos e responsabilidades das administracións públicas.
- 4.- A protección de datos
- 5.- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Principios xerais.
- 6.- Os servizos sociais comunitarios en Galicia e o seu financiamento.
- 7.- Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais. Constitución española. Lei reguladora de bases do réxime local e marco competencial autonómico de Galicia.
- 8.- O traballo social: concepto, funcións e niveis de intervención, fundamentos e principios.
- 9.- O Proceso metodolóxico no traballo social.
- 10.- Recursos técnicos de Traballo social (Técnicas, Instrumentos, soportes documentais e informáticos)
- 11.- Ética profesional e Código deontolóxico do traballo social.
- 12.- Lei 110/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- 13.- As persoas con discapacidade: Normativa, valoración, recursos.
- 14.- Muller: CIM, Programas e Axudas as mulleres vítimas da violencia de xénero en Galicia.
- 15.- Maiores: Recursos e programas.
- 16.- Dependencia: Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Procedemento para o recoñecemento, catálogo de servizos do SAAD e prestacións.
- 17.- O servizo de axuda no fogar (SAF): Normativa, coordinación e funcionamento.
- 18.- Familia, infancia e adolescencia: papel dos servizos sociais de atención primaria. Absentismo escolar.

OITAVA.- CUALIFICACIÓN, PROPOSTA E NOMEAMENTO

Rematado o proceso de selección, o tribunal determinará as cualificacións dos aspirantes, no suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase por sorteo os aspirantes empatados.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de nomeamento que incluíra os aspirantes propostos para ser nomeado/as funcionarios/ interinos/as e os/as propostos/as para integrar o listado de substitucións do persoal seleccionado que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello do Saviñao procederá ao nomeamento como funcionarios/as interinos/as dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base terceira.

NOVENA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DÉCIMA. – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINA PARA O CONCELLO DE O SAVIÑAO

APELIDOS, NOME:

DNI:

TELÉFONO:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído/a na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo para a cobertura dunha praza de traballador/a social interino/a convocado polo Concello de O Saviñao.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente, non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Comprometéndome a achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/a.

O Saviñao, ... de.....de 2021

Asdo.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da titulación esixida (Base terceira letra d).
- No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.

O Saviñao, 14 de xullo de 2021.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2171

VIVEIRO*Anuncio*

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

No Boletín Oficial da Provincia número 119, de 28 de maio de 2021, publica a convocatoria do proceso para a selección de **TRES CONDUCTORES MOTOBOMBA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais 2021. Expte.: 2369/2021.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021.

Tendo en conta que un posto de conductor motobomba está vacante.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021 segundo os prazos estipulados no Convenio de Colaboración polo que se regula e financia esta contratación.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de un conductor motobomba, de **3 (tres) días naturais**, pola urxente e inaprazable necesidade, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEGUNDO.- Indicar que as bases xerais, anexo e bases específicas polas que se establecen as normas para a selección de tres postos de conductor motobomba, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal www.viveiro.es.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á 16 de xullo de 2021.

A Alcaldesa, María Loureiro García, Ante mín, A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Luz Balsa Rábade.

R. 2177

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECIMENTO AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA*Anuncio*

Formada a conta xeral do exercicio 2020 do Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga aos Concellos de Cervo e Burela cos estados e contas a que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e as regras 44 a 51 da Instrución do modelo normal de Contabilidade para a Administración Local aprobada por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, e informada pola Comisión Executiva en sesión celebrada o 29 de xuño de 2021, exponse ao público, xunto cos documentos que a xustifican, na Intervención do Concello de Cervo dado que a sede do Consorcio se atopa na Praza do Concello s/n de Cervo, por período de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante dito prazo e oito máis, os interesados lexítimos poderán examinala e formular por escrito as alegacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Cervo, 29 de xuño de 2021.- A presidenta, Teresa María Gutiérrez López.

R. 2149
